



CONSENSO SOBRE EMPRESAS E DESENVOLVEMENTO DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD

Contexto

O día 2 de outubro de 2015 tivo lugar un encontro para ONGD socias da Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) que tiña como obxectivo reflexionar e avanzar cara un posicionamento común sobre “Empresa e Desenvolvemento”. A este encontro asistiron: Axuda en Acción, Interred Galicia, Arquitectura sen Fronteiras, Enxeñería sen Fronteiras, Solidariedade Internacional, Manos Unidas, AGARESO, Farmamundi e Taller de Solidariedade, así como a Presidenta da CGONGD e a Secretaría Técnica, un total de 13 persoas.

Este encontro convocouse porque:

- a. É unha reflexión que xa se intentou impulsar en 2014, motivada polo protagonismo que na cooperación internacional estaba adquirindo o sector privado, e que as ONGD socias tiñamos pendente abordar dende entón. Tamén porque unha das ONGD socias na última Asemblea Xeral demandou retomar esta cuestión.
- b. A Dirección Xeral de relacións Exteriores e coa UE (DXRREE) contratou a unha consultora para levar a cabo, en 2015, un estudo sobre as “As achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países do Sur”. Como este estudo require da opinión da Xunta Directiva (XD) da Coordinadora, e tamén das ONGD socias a título individual, a XD da Coordinadora quixo traballar un posicionamento a nivel interno que recollese, na medida do posible, as sensibilidades das ONGD socias.

Os resultados deste encontro utilizáronse para:

- a. Elaborar o presente documento para que sirva de posicionamento de base á XD da Coordinadora na súa entrevista coa consultora encargada do estudo sobre empresas, o pasado 9 de outubro.
- b. Como punto de partida para seguir traballando nun posicionamento propio da Coordinadora Galega de ONGD sobre “Empresa e desenvolvemento”. Polo tanto, o presente documento é o posicionamento que polo de agora ten a Coordinadora Galega de ONGD, froito do encontro mantido o pasado 2 de outubro, pero está aberto as achegas de todas as ONGD socias.



Introdución

Punto de partida: Non se pode separar o papel das empresas como actores que producen desenvolvemento do papel das empresas como actores de cooperación ao desenvolvemento. As empresas son actores de desenvolvemento e producen desenvolvemento participen ou non da política pública de cooperación. E fano moito máis que as ONG ou o sistema internacional de cooperación.

Polo tanto, cando falamos de empresas e desenvolvemento temos que facelo dende as seguintes perspectivas:

BLOQUE A. Empresa como actor de desenvolvemento ou como axente produtivo (que produce desenvolvemento)

BLOQUE B. Empresa como axente de cooperación ao desenvolvemento: ben como receptoras de axuda ou ben como donantes (neste documento so analizamos o papel das empresas como receptoras de AOD)

BLOQUE A. EMPRESAS COMO ACTOR QUE “PRODUCE” DESENVOLVEMENTO

Consensos acadados

- **Non todas as empresas son iguais porque non todas producen o mesmo efecto sobre o desenvolvemento**

Para valorar o impacto da empresa no desenvolvemento **non podemos falar de empresas como un todo homoxéneo. O que as diferencia é o modelo de desenvolvemento polo que apostan** e que motiva a súa actividade. Para nós, e neste eido, é indiferente o tamaño da empresa (multinacionais, ou pequenas e medianas empresas), por exemplo, á hora de apostar por unhas ou outras, impórtanos o tipo de desenvolvemento que producen. De acordo ao modelo de desenvolvemento que procuramos as ONGD **son as empresas de economía social as que promoven un tipo de desenvolvemento que se aproxima ao que nos consideramos positivo** (primacía das persoas e do fin social sobre o capital; fin social como obxecto da entidade; promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a sostibilidade, etc).

- **É necesario regular a actividade das empresas a nivel internacional**

A regulación da actividade das empresas a nivel internacional é problemática porque **non hai desenvolvidos mecanismos de obrigas vinculantes a nivel internacional**. Por iso **consideramos que se teñen que desenvolver mecanismos para asegurar que a intervención das empresas polo menos non sexa perxudicial**. Neste eido facemos nosas as demandas da Coordinadora estatal de ONGD cando fala dun “Marco positivo para o sector empresarial produtivo” destinadas a regular a actividade das empresas e a mellorar súa rendición de contas e transparencia, e **que se expoñen a continuación:**



“Posicionamento da Coordinadora Estatal. Páxina 4. UN MARCO POSITIVO PARA O SECTOR EMPRESARIAL PRODUTIVO:

a) Que o Goberno desenvolva mecanismos que aseguren que o sector empresarial respecta na súa actuación os **convenios internacionais en materia de dereitos humanos, medioambiente e dereitos laborais, así como as directrices sobre a conduta e bo goberno corporativo**. O Estado español debe ademais esixir o obrigado cumprimento de todos estes códigos e principios desenvolvendo a lexislación e penalización correspondente, seguindo as recomendacións do Representante Especial das Nacións Unidas para empresas e Dereitos Humanos, John Ruggie

b) Que o Goberno desenvolva garantías que aseguren que a participación do sector empresarial como actor do desenvolvemento **non menoscaba a obrigaición dos Estados de prover servizos sociais básicos á súa cidadanía, nin favorecen procesos de privatización na súa xestión**.

c) Que o Goberno **contribúa a poñer fin aos paraísos fiscais**, evitando o custo que a evasión e elusión fiscal teñen no desenvolvemento, en especial polos abusos de parte das grandes corporacións transnacionais e dalgunhas grandes fortunas. **Esixindo responsabilidade e transparencia financeira das multinacionais**. Para iso, debe apoiarse a iniciativa para un marco vinculante sobre o reporte financeiro país por país similar ás iniciativas adoptadas en Estados Unidos (coa lei Dodd Frank) e na UE (proposta de reforma da directiva Contable e de Transparencia). **E apoiando políticas nacionais e marcos de cooperación rexional destinadas á adopción de sistemas fiscais máis xustos e progresivos**, nos que empresas e grandes fortunas aportan unha contribución xusta.

d) Que os gobernos incorporen **regulación financeira** e un marco de transparencia para poñer fin aos abusos que teñen un impacto directo na especulación e disfunción dos prezos das materias primas alimentarias.

e) Que os gobernos **supriman os subsidios á produción e comercialización dos agro combustibles** que limitan e reducen as capacidades de cultivos e recursos vitais cara a usos non alimentarios, ademais de alterar a estabilidade dos mercados.

f) Que os gobernos **supriman as restricións á exportación dos países máis pobres**, que xeran unha alta distorsión no acceso e funcionamento do mercado. E regulen o acaparamento de terras por sectores minoritarios e especulativos, mellorando a información e a transparencia nos contratos sobre terras, entre outras medidas.

g) Que o sector empresarial asuma un conxunto de medidas destinadas a **mellorar a transparencia e a rendición de contas das súas actuacións**.

h) Que o sector empresarial apoie e **implemente os principios e requisitos internacionais vinculados á transparencia das actividades relacionadas co sector extractivo**.

i) Que o Goberno esixa a aplicación e xeneralización dos estándares medioambientais equiparables aos de España e as tecnoloxías máis efectivas dispoñibles a fin de minimizar e mitigar os riscos medioambientais e o cambio climático.



j) *Que o Goberno estableza **mecanismos de avaliación e seguimento dos compromisos adquiridos**, de face a garantir o cumprimento efectivo dos mesmos. Isto podería levarse a cabo mediante órganos de verificación multipartitos (compostos por representantes de empresas, administracións, ONGD, sindicatos, academia, comunidades locais, etc.)”.*

- **Hai que promover a transformación das empresas para que se acheguen a un modelo de desenvolvemento sostible. Pero a RSC non pode ser costeada con orzamentos da política de cooperación**

Ademais de establecer mecanismos que garantan que as empresas cumpren a súas obrigas fiscais, laborais: ambientais e cos dereitos humanos, etc. **Débase camiñar na liña de procurar a transformación das empresas para que se acheguen a un modelo de desenvolvemento desexable introducindo nas súas estratexias obxectivos de desenvolvemento sostible** (falamos de mecanismos de avaliación, incidencia, campañas comunicación pública con obxectivos de transparencia, etc). Dende logo, se falamos de RSC, esta non pode ser financiada con cartos que proveñan da política pública de cooperación.

- **En concreto no caso galego, en relación ao papel das empresas e sectores galegos no desenvolvemento consideramos que:**

En canto ao sectores, recoñecemos o valor diferencial de Galicia en relación a determinados sectores. Cremos que, baixo os condicionantes anteriormente expostos (respecto a convenios internacionais, non substitución das obrigas do Estado, etc), a participación destes sectores empresariais no eido do desenvolvemento internacional poderían ser positivos, por exemplo, se falamos en termos transmisión de tecnoloxías e coñecementos expertos dos que dispoñemos, creación de emprego, etc. Sen embargo, tamén sabemos, que sobre todo en países con pouca regulación a participación de empresas internacionais, especificamente das empresas do “Norte” en países do “Sur” ,moitas veces non produce estes potenciais beneficios: hai moi pouca transferencia tecnolóxica pola propiedade intelectual, ademais de producirse unha repatriación excesiva de beneficios (queda pouca riqueza no tecido local). Tamén en canto aos sectores gustaríanos engadir o sector forestal e cultural, non vemos claro o da construción, e gustaríanos falar de Tecnoloxías da Información e Comunicacóns e non de Telecomunicacións.

-En canto ao tipo de empresas, retomamos o xa dito: as empresas non son un todo homoxéneo, non se poden valorar como tal. Non todas producen o mesmo desenvolvemento. Entendemos, por tanto, que neste sentido **sería máis positiva a participación das empresas da economía social galegas porque comparten valores e obxectivos que as ONGD** consideramos que responden a modelos de desenvolvemento axeitados.

-Por outra banda, **cando falamos do desenvolvemento de países empobrecidos,** entendemos que **o foco debe poñerse no desenvolvemento do propio tecido produtivo local** para favorecer a apropiación. **A participación de empresas galegas nestes países non pode ser a costa do debilitamento do tecido produtivo local,** e debería levarse a cabo só cando se achegue un valor engadido e non exista perigo de substitución do tecido local propio do país



BLOQUE B. EMPRESA COMO ACTOR DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Consensos acadados

- **En canto ao papel das empresas na cooperación ao desenvolvemento** consideramos que:

As empresas non deben participar de forma estratéxica nos programas de AOD. É dicir, non deben ser actores estratéxicos no deseño ou execución de programas ou estratexias de desenvolvemento no marco da política pública de cooperación. Polo tanto, non poden liderar ni executar en solitario estes procesos. Iso implica que non poidan ser receptores de AOD de forma directa, por exemplo, como beneficiarios de subvencións da política pública de cooperación. **(Deben ir da man de outros actores que si teñan entre os seus fins o desenvolvemento e o fortalecemento da sociedade civil)*

E cando as empresas participen de forma non estratéxica (contratacións, asistencia técnica, etc) **teñen que facelo sempre sen substituír a obriga legal dos estados de prover Servizos Públicos e cun enfoque de fortalecemento de capacidades** que no estableza relacións de dependencia.

Ademais, consideramos que **en todas as modalidades de participación da empresa en cooperación ten que haber un valor engadido que xustifique a súa intervención.** Non pode ser calquera empresa facendo calquera cousa de forma espontánea. Isto significa que, ademais dos condicionantes expostos anteriormente (non subsistir a obriga dos estados de prover SSBB e traballar sempre dende o enfoque de fortalecemento de capacidades) **non se pode substituír ao propio tecido produtivo do país socio.** Por exemplo, onde xa existe unha empresa pesqueira con experiencia demostrada en X actividade, non debe intervir unha empresa pesqueira galega, porque neste ámbito non se necesita reforzo de capacidades.

- **En canto ao papel das empresas na cooperación multiactor**

A empresa non debería nin liderar nin facer en solitario proxectos ou programas de cooperación ao desenvolvemento. Ten que traballar sempre da man doutros axentes que teñan entre os seus fins o desenvolvemento e o fortalecemento da sociedade civil en xeral: como poderían ser ONG, universidades ou mesmo sindicatos ou Administración Pública Galega.

Entón no marco das colaboracións multiactor pensamos fundamentalmente na empresa como provedora de bens e servizos (nunca actor estratéxico). E reiteramos que neste papel, ten que garantirse que non se substitúa o papel dos estados nin o tecido empresarial local

En canto aos instrumentos de transparencia e control, no eido das Entidades Público Privadas de Desenvolvemento (APPD) cremos que hai que establecer mecanismos de transparencia, publicidade e rendición de contas e supervisión esixentes de longo prazo, de todos os proxectos financiados pola cooperación galega nos que participen empresas galegas (coma líder, o cal rexeitamos, en consorcio ou como asistencia técnica). Estes mecanismos, ademais, deben estar participados pola sociedade civil.



Pensamos en **instrumentos como a creación dun Observatorio Galego, con reunións periódicas no que se expoñan os proxectos financiados pola cooperación galega con participación de empresas**, os seus logros e as súas eivas, e que proporcione información, publicidade, accesibilidade e facilidades para consultar o contido e a evolución dos proxectos desenvolvidos ou en desenvolvemento.

- **En concreto no caso galego, en relación ao papel das empresas e sectores galegos na cooperación ao desenvolvemento consideramos que**

Consideramos que a cooperación galega, a través do seu sector empresarial pode achegar coñecementos especializados e valor engadido. É un valor diferencial con amplas potencialidades que tamén poden ser aproveitadas pola achegar a política pública galega de cooperación ao desenvolvemento.

Pero sempre partindo das premisas e condicionantes explicados anteriormente:

- as empresas galegas non deben participar de forma estratéxica no deseño de programas de cooperación
- a participación non estratéxica das empresas debe facerse igualmente baixo a premisa de achegar valor engadido e non substituír nin as obrigas públicas nin o tecido local do país socio.

*En canto aos sectores gustaríanos engadir o sector forestal e cultural, non vemos claro o da construción, e gustaríanos falar de Tecnoloxías da Información e Comunicacions e non de Telecomunicacións.